

D. Alberto Núñez Feijoo  
Presidente da Xunta de Galicia

Monforte de Lemos, 13 de decembro do 2012

Estimado Presidente:

Dirixímonos a vostede para transmitirlle a preocupación dos grupos políticos da Corporación Municipal de Monforte de Lemos ante a posible incidencia negativa que o plan de medidas anunciado pola dirección de Paradores de Turismo poida ter sobre o Parador desta localidade.

O Parador de Monforte é unha referencia indiscutible na promoción da Ribeira Sacra e peza fundamental no desenvolvemento dun espazo xeográfico que deposita no crecemento turístico moitas das súas esperanzas de progreso.

Polos motivos antes expostos, consideramos que calquera actuación que afecte negativamente ó Parador de San Vicente do Pino danaría gravemente as aspiracións dunha zona que está apostando polo turismo en tódalas súas vertentes e modalidades.

Por todo isto, os abaixo firmantes solicitamos que realice as xestións oportunas para que o Parador de San Vicente do Pino manteña a apertura durante once meses ó ano, tal e como sucede actualmente, e o mesmo número de traballadores no seu cadro de persoal.

Agardando a súa resposta e agradecendo de antemán as súas xestións, reciba un saúdo cordial

Severino Rodríguez Díaz  
Alcalde de Monforte de Lemos

María Xosé Vega Buján  
Portavoz do BNG

José Manuel Puga Gómez  
Portavoz do PP

José Tomé Roca  
Portavoz do PSOE